

MEMORIA FIN DE CURSO

1.- ESPAZO

A aula de 4º está situada no 2º andar e ocupa un espazo de 54 metros cadrados. A aula conta cunha PDI, biblioteca de aula, xogos didácticos e material funxible.

2.- ACTIVIDADES

A nivel de aula fixemos actividades de comprensión, lectura, escritura, razoamento, resolución de problemas da vida cotiá e coñecemento do medio que nos rodea. Este curso o tema anual foi "Un planeta cheo de vida" e a nosa aula tocoulle traballar de forma específica "O ecosistema das Illas Atlánticas"; en relación a isto fixemos traballos de comprensión e expresión escrita e oral e traballos de investigación especialmente a fauna e a flora das illas Cies, Salvora, Ons e Cortegada, decoramos a aula con murais sobre a temática e elaboramos un cómic sobre este ecosistema tan inmeso que nos rodea.

Ademais participamos nas diversas actividades dos distintos departamentos de biblioteca e normalización tendo moi boa acollida por parte do alumnado.

3.- RECURSOS

Ao longo do curso utilizáronse diferentes recursos para o apoio da aprendizaxe, libros de texto, biblioteca, ordenadores, tablets, PDI, fichas e xogos lúdico-pedagóxicos.

4.- CURRÍCULO

Como todos os anos, fíxose unha avaliación inicial para descubrir o nivel de competencia curricular do alumnado. Unha vez que obtivemos os resultados, procedeuse a adaptar a programación.

Este curso levouse a cabo de novo unha aprendizaxe cooperativa en grupos de traballo. A avaliación foi un proceso continuo onde valorouse o traballo diario coa observación e corrección das tarefas ademais da realización de diferentes probas orais e escritas.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

O alumnado participou activamente e de forma positiva nas distintas actividades propostas dende a aula. Tamén houbo unha gran participación nas variadas e múltiples actividades propostas dende a biblioteca, que os alumnos e alumnas fixeron de forma voluntaria.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

Ao principio de curso fixemos unha reunión xeral coas familias para explicar a metodoloxía de traballo así como aspectos do currículo e a marcha da clase. A asistencia dos pais á mesma foi satisfactoria.

Do mesmo xeito realizamos diferentes reunións con diferentes familias de forma individual ao longo do curso, nalgunhas ocasións solicitadas pola mestra titora e noutras polos pais.

As familias en xeral implícanse na educación dos seus fillos de forma satisfactoria así como nas diferentes actividades a nivel de aula e centro.

6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Todo o profesorado do centro levou a cabo unha boa organización e coordinación entre eles con respecto ás actividades desenvolvidas ao longo do curso tanto a nivel de aula como de centro.

7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

O curso de 4º de EP estivo composto por un total de 21 alumnos e alumnas dos cales todos promocionan.

Os resultados son satisfactorios xa que todos os alumnos e alumnas melloraron as súas competencias ao longo do curso.

8.-DIFICULTADES ATOPADAS

Ao longo do curso non houbo grandes dificultades á hora de levar a cabo a programación. Este curso notáronse moito de forma favorable os apoios recibidos pola profesora de PT así como os apoios dos programas PROA e ACOMPaña.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Cara ao vindeiro curso o que se propón é manter a mesma forma de traballo onde os nenos deban investigar sobre as súas propias aprendizaxes sen darlles "todo feito", é dicir, seguir cos proxectos de investigación e continuar traballando a comprensión e expresión oral así como o razoamento favorecendo o interese polo coñecemento.

Necesidade de ter a figura do orientador todos os días no colexio a xornada completa xa que doutra forma é imposible dar resposta a todas as problemáticas diarias da aula.

Necesidade de continuar a ter mestres de apoio para o reforzo de nenos e nenas con dificultades.

Continuar cos apoios dos mestres, especialistas ao longo de todo o curso.

Realización dalgún taller de educación emocional.

10.-MATERIAIS PRECISOS PARA UN BO DESENVOLVEMENTO DO CURSO.

Material manipulativos para a aula nas áreas de matemáticas e linguas.

Material funxible para a realización de murais e proxectos.